

FÚTBOL SALA
RUGBY

BALONCESTO
FÚTBOL

CAMPIONATOS UNIVERSITARIOS XUNTA DE GALICIA

BALONMÁN
VOLEIBOL

LUGO
10 E 11 DE MARZO DE 2026



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



DEPUTACIÓN
DE LUGO

Deportes



Concello de Lugo
ALCALDÍA

Xuventude
e Deportes



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



USC

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Universida de Vigo

ÍNDICE

1. Organización, participación e inscrición.	3
2. Horario xeral para os dous días de competición.	4
3. Acreditacións.	4
4. Comité de competición.	4
5. Sistema de competición.	5
6. Clasificación.	5
7. Accidente deportivo e seguro escolar.	5
8. Regulamento técnico.	6
<input type="checkbox"/> FÚTBOL.	7
<input type="checkbox"/> BALONCESTO	8
<input type="checkbox"/> BALONMÁN	9
<input type="checkbox"/> FÚTBOL SALA.	10
<input type="checkbox"/> RUGBY 7	11
<input type="checkbox"/> VOLEIBOL.	12
9. Comedores, horarios e distribución das delegacións	13
10. Entrega de trofeos:	13
FOLLA DE INSCRICIÓN DE EQUIPO	14

1. Organización, participación e inscrición.

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) a través da súa Área Deportiva, organiza os XXVIII Campionatos Universitarios Xunta de Galicia (CGU) de Deportes Colectivos, que se celebrarán no Campus de Lugo os días 10 e 11 de marzo.

Poderá participar toda a comunidade universitaria de A Coruña (UDC), Vigo (UVI) e Santiago de Compostela (USC).

A inscrición será competencia de cada universidade.

As universidades deberán enviar as inscricións dos seus equipos por correo electrónico ao enderezo deporsec@usc.es, achegando as follas de inscrición (Anexo I), antes do xoves, día **5 de marzo de 2026**.

Para que a inscrición dos equipos sexa válida, o número de xogadoras/es por modalidade e categoría non poderá exceder os límites máximos establecidos:

- Baloncesto: 12 xogadoras/es
- Balonmán: 14 xogadoras/es
- Fútbol 11: 18 xogadoras/es
- Fútbol sala: 12 xogadoras/es
- Rugby 7: 14 xogadoras/es
- Voleibol: 12 xogadoras/es

De tal xeito, o número máximo de participantes nos campionatos pode ser de 492 deportistas máis as persoas que conforman o STAFF técnico así como as persoas representantes das 3 universidades.

Para calquera cuestión relacionada co campionato, nos días previos á súa celebración estarán á súa disposición os teléfonos Suso **600942320** e **982823584**, en horario laboral. Durante os días de celebración do Campionato, poderán contactar cos teléfonos móbiles **600942336** e **678513803**.

2. Horario xeral para os dous días de competición.

HORARIO	ACTIVIDADE
9:00h.	Chegada da delegación da UDC e da USC
9:15-9:30h.	Distribución dos equipos polas diferentes instalacións.
10:00h.	Comezo das competicións.
10:30h.	Chegada da delegación da UVI
13:30 a 16:00h.	Xantar(*)
16:00 a 17:00h.	Entrega de trofeos de todos os deportes.
17:00 h.	Saída das delegacións

**Os bonos para xantar repartiranse na propia instalación, antes do primeiro partido.*

A Universidade de Santiago de Compostela, no marco do seu compromiso coa política de residuos plásticos cero, solicita a colaboración da comunidade universitaria co obxectivo de reducir ao mínimo o impacto ambiental, promovendo a recollida selectiva das botellas para a súa correcta reciclaxe.

3. Acreditación.

O colectivo arbitral será o encargado de comprobar e acreditar os equipos de cada modalidade. Para a acreditación, cada deportista deberá presentar o seu DNI, pasaporte ou carné de conducir.

O/a deportista que participe en máis dunha modalidade deberá presentar a documentación correspondente en cada unha delas. No caso de non facelo, non poderá tomar parte na competición ata que a súa situación quede regularizada.

As/os delegadas/os dos equipos poderán solicitar a revisión das fichas, e a/o árbitro deberá atender esta solicitude, xa sexa antes do comezo do partido ou durante o primeiro descanso. As/os xogadoras/es que non estean presentes ao finalizar o primeiro descanso non poderán participar no encontro.

Calquera negativa por parte dalgún dos equipos a someterse á revisión deberá quedar reflectida na acta, e considerarse como aliñación indebida.

É obrigatoria a sinatura das persoas responsables de cada equipo nas actas dos partidos.

4. Comité de competición.

O comité estará formado por un/unha representante de cada unha das tres universidades participantes. Será o encargado de ditar sentenza en caso de calquera incidencia que non poida ser resolta polos equipos arbitrais nin polo regulamento correspondente. Cada universidade deberá comunicar quen será a persoa responsable desta función.

5. Sistema de competición.

O sistema de enfrontamentos desenvolverase en formato de liga entre tres equipos, a unha única volta. Nas modalidades deportivas nas que só participen dúas universidades, disputarase un único partido.

Primeiro partido: entre a universidade organizadora e a universidade máis próxima xeograficamente ao lugar de celebración.

Segundo partido: disputarase entre o perdedor do primeiro partido e a universidade situada máis lonxe do lugar da competición.

Terceiro partido: xogarase entre o gañador do primeiro partido e a universidade que se atope máis lonxe do lugar de celebración dos campionatos.

PARTIDOS	GRUPO A	GRUPO B
1	Universidade de Santiago	Universidade da Coruña
2	Universidade de Vigo	Perdedor do 1º partido
3	Universidade de Vigo	Gañador do 1º partido

6. Clasificación.

A clasificación xeral por universidades establecerase do seguinte xeito (por cada modalidade e categoría):

- 3 puntos para o primeiro equipo clasificado.
- 2 puntos para o segundo equipo clasificado.
- 1 punto para o terceiro equipo clasificado.

7. Accidente deportivo e seguro escolar.

Durante o Campionato Galego de Deportes Colectivos, calquera participante que sufra un accidente deberá dirixirse ao centro médico público designado, facendo uso da cobertura proporcionada polo seguro escolar do INSS:

Hospital Quirón Salud Lugo

Rúa Montevideo 23

Tfno.: 982284040

No caso de que algún participante non estea cuberto polo seguro escolar do INSS, será responsabilidade de cada universidade establecer os protocolos e procedementos correspondentes para garantir a atención e seguridade do participante.

É obrigatorio que todas as incidencias relacionadas con accidentes queden debidamente rexistradas e notificadas ao comité organizador do Campionato.

8. Regulamentos técnicos.

Para todas aquelas cuestións ou casos non recollidos neste Regulamento, o Campionato Galego de Deportes Colectivos estará suxeito á aplicación dos correspondentes Regulamentos Técnicos das federacións oficiais competentes:

Fútbol	Federación Internacional de Fútbol (FIFA)
Voleibol	Federación Internacional de Voleibol (FIVB)
Balonmán	Federación Española de Balonmán
Fútbol Sala	Federación Española de Fútbol Sala
Rugby 7	Federación Española de Rugby
Baloncesto	Federación Española de Baloncesto

✓ FÚTBOL

1. A/o delegada/o deberá presentar as acreditacións e a folla coa relación de deportistas asinada pola Área de deportes e co selo de cada universidade 15 minutos antes da hora prevista para o comezo do partido.
2. O equipo estará composto por un máximo de 18+2 compoñentes (18 deportistas, 1 adestrador/a e 1 delegado/a).
3. Os partidos terán unha duración de 60 minutos, divididos en 2 tempos de 30 minutos e un descanso de 5 minutos.
4. Cada equipo disporá dun máximo de 5 cambios ao longo do partido. Non se poderán facer cambios nos derradeiros 5 minutos do 2º tempo.
5. Nos encontros atribuiranse 3 puntos por vitoria, 1 punto por empate e 0 pola derrota.
6. Cando remate o partido, e independentemente do resultado acadado, os xogadores que xogan os últimos minutos do partido tirarán unha rolda de 5 penaltis (ou ata desfacer o empate) para evitar posibles empates na clasificación final.
7. No caso de que o 3º partido o disputen as universidades que gañaron os seus respectivos primeiros partidos, se ao remate deste último encontro se chegara a un empate, decidirase o encontro na rolda de penaltis. Lanzaranse 5 penaltis por equipo. Se persiste o empate seguiranse lanzando polo sistema de morte súbita, ata acadar un gañador que o será do campionato.
8. No caso de tripla empate a punto na clasificación seguirase a seguinte orde:
 - a) Mellor coeficiente entre puntos a favor e en contra.
 - b) O equipo máis anotador.
 - c) O equipo que menos puntos recibiu en contra.
 - d) Sorteio.
9. A persoa expulsada con cartón vermello será sancionada con 1 partido de suspensión.

Data da competición: mércores 11 de marzo

Instalación: [Campos Municipais de As Gándaras](#)

Comedor: Facultade de Veterinaria

Categoría masculina - Campo 2			Categoría feminina - Campo 1		
11 de marzo			11 de marzo		
Partido	Hora	Lugar	Partido	Hora	Lugar
USC - UDC	10:00	As Gándaras	USC - UDC	10:00	As Gándaras
UVI-perdedor	11.30	As Gándaras	UVI-perdedor	11.30	As Gándaras
UVI-gañador	13:00	As Gándaras	UVI-gañador	13:00	As Gándaras



BALONCESTO

1. A/o delegada/o deberá presentar as acreditacións e a folla coa relación de deportistas asinada pola Área de deportes e co selo de cada universidade 15 minutos antes da hora prevista para o comezo do partido.
2. O equipo estará composto por un máximo de 12+2 compoñentes (12 deportistas, 1 adestrador/a e 1 delegado/a).
3. Os partidos terán unha duración de 40 minutos, divididos en 4 cuartos de 10 minutos e un descanso de 2 minutos (entre o 1º e 2º cuarto e entre o 3º e 4º) e de 5 minutos entre o 2º e o 3º cuarto. Os partidos serán a tempo corrido agás os derradeiros 2 minutos do último período. As persoas responsables da arbitrase terán a potestade de deter o tempo naquelas accións que consideren oportunas (posible lesión, perda deliberada ou inxustificada de tempo por parte das deportistas, etc.)
4. Cada equipo poderá solicitar só 1 tempo morto por período. Durante os tempos mortos se parará o tempo de xogo.
5. Nos encontros atribuiranse 2 puntos por vitoria e 1 pola derrota.
6. No caso de empate nalgún encontro realizaranse prórrogas de 5 minutos ata desfacer o empate. A prórroga será a tempo corrido agás os derradeiros 2 minutos. Nas prórrogas non se poderán solicitar tempos mortos.
7. No caso de tripla empate a puntos na clasificación seguirase a seguinte orde:
 - a) Mellor coeficiente entre puntos a favor e en contra.
 - b) O equipo máis anotador.
 - c) O equipo que menos puntos recibiu en contra.
 - d) Sorteo.
8. A persoa expulsada con técnica descualificante terá unha penalización de 1 encontro de suspensión.

Data da competición: martes 10 de marzo

Instalación: Anexo ó [Pazo Provincial](#).

Comedor: Facultade de Humanidades

Categoría masculina - Pista 1			Categoría feminina - Pista 2		
10 de marzo			10 de marzo		
Partido	Hora	Lugar	Partido	Hora	Lugar
USC - UDC	10:00	Anexo Pazo Provincial	USC - UDC	10:00	Anexo Pazo Provincial
UVI-perdedor	11:30	Anexo Pazo Provincial	UVI- perdedor	11:30	Anexo Pazo Provincial
UVI-gañador	13:00	Anexo Pazo Provincial	UVI-gañador	13:00	Anexo Pazo Provincial

✓ BALONMÁN

1. A/o delegada/o deberá presentar as acreditacións e a folla coa relación de deportistas asinada pola Área de deportes e co selo de cada universidade 15 minutos antes da hora prevista para o comezo do partido.
2. O equipo estará composto por un máximo de 14+2 compoñentes (14 deportistas, 1 adestrador/a e 1 delegado/a).
3. Os partidos terán unha duración de 50 minutos, divididos en 2 tempos de 25 minutos a reloxo corrido e un descanso de 5 minutos. Os derradeiros 5 minutos do 2º tempo xogaranse a reloxo parado.
4. Cada equipo poderá solicitar só 1 tempo morto, de 1 minuto de duración, por período.
5. Nos encontros atribuiranse 2 puntos por vitoria, 1 punto por empate e 0 pola derrota.
6. Cando remate o partido, e independentemente do resultado final acadado, os/as xogadores/as que estean en pista o remate do encontro lanzarán unha rolda de 5 penaltis (ou ata desfacer o empate) para evitar posibles empates na clasificación final.
7. No caso de que o 3º partido o disputen as universidades que gañaron os seus respectivos primeiros partidos, se ao remate deste último encontro se chegara a un empate decidírase o encontro na rolda de penaltis. Lanzaranse 5 penaltis por equipo. Se persiste o empate seguiranse lanzando polo sistema de morte súbita, ata acadar un gañador que será do campionato.
8. No caso de triplo empate a puntos na clasificación seguirase a seguinte orde:
 - a) Mellor coeficiente de goles.
 - b) O equipo máis goleador.
 - c) O equipo que menos goles recibiu encaixados.
 - d) Clasificación logo do lanzamento de penaltis (de persistir a igualdade: mellor coeficiente, mais anotador e menos goleado nos penaltis).
 - e) Sorteo
9. A persoa expulsada terá unha penalización de 1 encontro de suspensión.

Data da competición: Balonmán masculino 10 de marzo, balonmán feminino 11 de marzo.

Instalación: [Casa do Deporte](#)

Comedor: Facultade de Humanidades

Categoría masculina 10 de marzo			Categoría feminina 11 de marzo		
Partido	Hora	Lugar	Partido	Hora	Lugar
USC - UDC	10:00	Casa do Deporte	USC - UDC	10:00	Casa do Deporte
UVI-perdedor	11:30	Casa do Deporte	UVI- perdedor	11:30	Casa do Deporte
UVI-gañador	13:00	Casa do Deporte	UVI-gañador	13:00	Casa do Deporte

✓ FÚTBOL SALA

1. A/o delegada/o deberá presentar as acreditacións e a folla coa relación de deportistas asinada pola Área de deportes e co selo de cada universidade 15 minutos antes da hora prevista para o comezo do partido.
2. O equipo estará composto por un máximo de 12+2 compoñentes (12 deportistas, 1 adestrador/a e 1 delegado/a).
3. Os partidos terán unha duración 50 minutos, divididos en 2 tempos de 25 minutos a reloxo corrido e un descanso de 5 minutos.
4. Cada equipo poderá solicitar só 1 tempo morto, de 1 minuto de duración, en cada período. Durante o tempo morto, se parará o tempo de xogo.
5. Nos encontros atribuiranse 3 puntos por vitoria, 1 punto por empate e 0 pola derrota.
6. Cando remate o partido, e independentemente do resultado acadado, as/os xogadoras/es que estean en pista ao remate do tempo regulamentario, tirarán unha rolda de 3 penaltis (ou ata desfacer o empate) para evitar posibles empates na clasificación final.
7. No caso de que o 3º partido o disputen as universidades que gañaron os seus respectivos primeiros partidos, se ao remate deste último encontro se chegara a un empate, decidírase o encontro na rolda de penaltis. Lanzaranse 5 penaltis por equipo. Se persiste o empate seguiranse lanzando polo sistema de morte súbita. ata acadar un gañador que será do campionato.
8. No caso de triplo empate a puntos na clasificación seguirase a seguinte orde:
 - a) Mellor coeficiente de goles.
 - b) O equipo máis goleador.
 - c) O equipo que menos goles recibiu encaixados.
 - d) Clasificación logo do lanzamento de penaltis (de persistir a igualdade: mellor coeficiente, mais anotador e menos goleado nos penaltis).
 - e) Sorteo
9. A persoa expulsada terá unha penalización de 1 encontro de suspensión.

Data da competición: F. Sala feminino o martes 10 de marzo, e F. Sala masculino o mércores 11 de marzo.

Instalación: [Pavillón O Palomar](#)

Comedor: Facultade de Veterinaria

Categoría masculina 11 de marzo			Categoría feminina 10 de marzo		
Partido	Hora	Lugar	Partido	Hora	Lugar
USC - UDC	10:00	O Palomar	USC - UDC	10:00	O Palomar
UVI- perdedor	11:30	O Palomar	UVI- perdedor	11:30	O Palomar
UVI-gañador	13:00	O Palomar	UVI-gañador	13:00	O Palomar



RUGBY 7

1. A/o delegada/o deberá presentar as acreditacións e a folla coa relación de deportistas asinada pola Área de deportes e co selo de cada universidade 15 minutos antes da hora prevista para o comezo do partido.
2. O equipo estará composto por un máximo de 14+2 compoñentes (14 deportistas, 1 adestrador/a e 1 delegado/a).
3. Os partidos terán unha duración de 14 minutos, divididos en 2 tempos de 7 minutos. Entre cada parte haberá un descanso de 5 minutos

En todos os partidos haberá un gañador, polo que, en caso de empate ao final do partido xogaranse períodos de 5 minutos. Durante o tempo extra, o equipo que primeiro consegue puntos será inmediatamente declarado vencedor sen que continúe o xogo.

4. Un equipo pode cambiar ou substituír ata 5 xogadores/as, pero non poderán volver a entrar salvo para substituír a un/unha xogador/a que estea a sangrar ou cunha ferida aberta.
5. A persoa expulsada terá unha penalización de 1 encontro de suspensión.
6. Nos encontros atribuiranse 2 puntos por vitoria e 0 pola derrota.
7. No caso de empate a puntos na clasificación seguirase a seguinte orde:
 - a) Mellor coeficiente de anotación.
 - b) O equipo máis anotador
 - c) O equipo que menos puntos recibiu en contra
 - d) Sorteo

Data da competición: mércores 11 de marzo

Instalación: [Zona Deportiva de San Fiz](#).

Comedor: Facultade de Humanidades

Categoría masculina 11 de marzo			Categoría feminina 11 de marzo		
Partido	Hora	Lugar*	Partido	Hora	Lugar*
USC - UDC	10:00	San Fiz	USC - UDC	10:40	San Fiz
UVI- perdedor	11:20	San Fiz	UVI- perdedor	12:00	San Fiz
UVI-gañador	12:40	San Fiz	UVI-gañador	13:20	San Fiz

✓ VOLEIBOL

1. A/o delegada/o deberá presentar as acreditacións e a folla coa relación de deportistas asinada pola Área de deportes e co selo de cada universidade 15 minutos antes da hora prevista para o comezo do partido.
2. O equipo estará composto por un máximo de 12+2 compoñentes (12 deportistas, 1 adestrador/a e 1 delegado/a).
3. Os partidos serán ao mellor de 3 sets de 25 puntos, coa normativa actual (puntuá cada xogada). Nos dous primeiros sets o equipo que chegue a 25 puntos, con vantaxe de dous, gañará o set, ata un máximo de 27 puntos.
4. Para gañar o terceiro set será necesario chegar a 25 puntos e ter unha vantaxe de dous puntos. Se isto non ocorre, teranse que conseguir os dous puntos de diferenza ata un máximo de 30 puntos.
5. Cada equipo poderá solicitar 1 tempo morto, de 1 minuto de duración, en cada set.
6. Nos encontros atribuiranse 3 puntos por vitoria e 1 punto pola derrota.
7. A persoa expulsada terá unha penalización de 1 encontro de suspensión.
8. No caso de tripla empate na clasificación seguirase a seguinte orde:
 - a) Mellor coeficiente de sets.
 - b) Mellor coeficiente de puntos.
 - c) O equipo máis anotador.
 - d) O equipo que menos puntos encaixados.
 - e) Sorteio.

Data da competición: martes 10 de marzo

Instalación: [Pavillón Municipal de Deportes](#)

Comedor: Facultade de Veterinaria

Categoría masculina 10 de marzo – Pista 1			Categoría feminina 10 de marzo – Pista 2		
Partido	Hora	Lugar	Partido	Hora	Lugar
USC - UDC	10:00	Pavillón Municipal	USC - UDC	10:00	Pavillón Municipal
UVI- perdedor	11:30	Pavillón Municipal	UVI-	11:30	Pavillón Municipal
UVI-gañador	13:00	Pavillón Municipal	UVI-gañador	13:00	Pavillón Municipal

9. Comedores, horarios e distribución das delegacións

Martes 10 de marzo:

DEPORTE	HORARIO	COMEDOR	DEPORTISTAS
Baloncesto masculino	14:30	Fac. de Humanidades	42
Baloncesto feminino	14:30	Fac. de Humanidades	42
Balonmán masculino	14:30	Fac. de Humanidades	48
Fútbol sala feminino	14:00	Fac. de Veterinaria	42
Voleibol masculino	14:30	Fac. de Veterinaria	42
Voleibol feminino	14:30	Fac. de Veterinaria	42

Mércores 11 de marzo:

DEPORTE	HORARIO	COMEDOR	DEPORTISTAS
Rugbi masculino	14:30	Fac. de Humanidades	48
Rugbi feminino	14:30	Fac. de Humanidades	48
Balonmán feminino	14:30	Fac. de Humanidades	48
Fútbol masculino	14:30	Fac. de Veterinaria	60
Fútbol feminino	14:30	Fac. de Veterinaria	60
Fútbol sala masculino	14:30	Fac. de Veterinaria	42

10. Entrega de trofeos:

A entrega de trofeos, tanto do día 10 como o día 11, será conxunta en todas as disciplinas no Auditorio de Veterinaria as **16:00** horas.

FOLLA DE INSCRICIÓN DE EQUIPO

UNIVERSIDADE		DEPORTE	
Telf. de contacto		CATEGORÍA	

	NOME E APELIDOS	D.N.I	INTOLERANCIAS ALIMENTARIAS
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
16			
17			
18			
<i>Ades.</i>			
<i>Del.</i>			

Nota: presentar esta folla co selo da universidade xunto cos DNI dos/as xogadores/as.